



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de xaneiro de dous mil dezasete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e catro de xaneiro dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

DEVOLUCIÓN DE AVAL.-

Visto o escrito presentado por **Instalacions Amando S.L.**, con domicilio na rúa Beronza nº 2, baixo, empresa adxudicataria do subministro denominado "Subministro de material eléctrico para distintos departamentos do Concello de Ribadavia", no que solicita a devolución de aval presentado coa finalidade de garantir a correcta execución do referido servizo, por importe de 1.000 euros.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que finalizou o contrato coa empresa adxudicataria, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1.- Acceder a devolución do aval depositado por importe de 1.000 euros.
- 2.- Que se de traslado do presente acordo o interesado e aos Servizos de Intervención e Tesourería.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



- Informe técnico e facturación de subministros de electricidade de instalacións municipais de data 25 de xaneiro (periodo decembro 2015-Novembro 2016), redactada polo xestor enerxético don Miguel Angel Chao Ornedo.

- Do Xulgado do Social nº 4 de Ourense, Sentencia en procedemento por Dereitos Fundamentais núm. 0000914/2014, en procedemento interposto por Don Francisco Javier Pérez Martínez.

- Acta do Consello Rector do Consello Municipal de Deportes celebrado o pasado 24 de xaneiro de 2017.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUMINISTRO.-

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de suministro de materiais de limpeza para o pabellón por importe de 3.500 euros como máximo, e comprobado que a empresa Tesis Galicia S.L. xa ten presentado a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade así como os certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda estatal e autonómica, e comprobada a existencia de consignación presupuestaria mediante informe de intervención de data 28 de novembro de 2016.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de cláusulas administrativas de data 24.11.2016.
2. Informe de Intervencion de data 28.11.2016.
3. Ofertas presentadas polas empresas Tesis S.L. e Darlim S.L.
4. Informe do Director de Instalacións deportivas de data 9 de xaneiro de 2017, rexistro de entrada de data 25.01.2017 sobre as ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe técnico obrante no expediente, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de suministro de materiais de limpeza para o pabellón, polo prazo dun ano, a empresa Tesis Galicia S.L. por un importe máximo de 3.500 euros, IVE incluído.

APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación as seguintes bases:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PUBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2017,POLO PROCEDUREMTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

OBXETO

O obxecto das presentes bases e a de subvencionar a entidades que promovan actividades de carácter físico-deportivo orientadas principalmente a promoción do deporte de base,

apoiandoas no sostenemento das mesmas, así como consolidar e promover o asociacionismo deportivo, mediante a convocatoria pública a través do procedemento en reximén de concorrencia competitiva

BENEFICIARIOS

Poderán acceder a estas axudas toda-las entidades deportivas con sede no Concello de Ribadavia, debendo estar dadas de alta no rexistro de asociacións do Concello, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritos nos rexistros deportivos correspondentes da Xunta de Galicia
- Participar en competicións oficiais organizadas polas respectivas federacións
- Posuir, polo menos, un equipo de base inferior a categoría senior/absoluta, no caso de disciplinas individuais posuir como mínimo cinco licenzas federativas en categorías inferiores.
- Desenvolver a súa actividade obxecto das axudas dentro do Concello de Ribadavia.

DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

Conforme a partida establecida a tales efectos no orzamento do 2017/448.00 341 cunha dotación de 7000 Euros.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable, derivados da participación en competicións oficiais na tempada 2016/2017 que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións.

Os conceptos obxecto de subvención serán, exclusivamente:

- Alugueiro de instalacións
- Adquisición de material deportivo
- Gastos de publicidade
- Adquisición, reposición do botiquín e gastos derivados de servizos sanitarios (fisioterapeutas, certificados médicos etc.)
- Gastos de desprazamentos a competicións oficiais e outras organizadas en colaboración ca respectiva federación
- Dereitos de arbitraje
- Trámites federativos (pago de licenzas, canon participación, inscrición, etc.)

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

As subvencións concedidas serán compatibles con outras axudas concedidas por outras institucións, para os mesmos fins.

PRODECIMENTO DE CONCESIÓN

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva



2. Ao rematar o prazo de presentación de solicitudes , remetirase ao servizo municipal de deportes , para que sexa informado para a instrución do expediente e comprobación da documentación. Examinada a documentación a presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para enmendar as deficiencias que afectan exclusivamente a documentación administrativa.
3. Concluído o prazo de tramite de enmenda de deficiencias volverase a remitir ao Servizo Municipal de Deportes que achegara un informe avaliado segundo a documentación presentada.
4. Esta proposta será sometida ao Consello Rector , que elevara a proposta de resolución provisional.
5. A resolución provisional daraselle traslado aos interesados para que no prazo de dez días hábiles poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Ditas alegacións serán resoltas polo Consello Rector.
6. Resoltas as alegacións, polo consello rector, farase publica a resolución definitiva.

COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A instrución do procedemento de concesión corresponderalle ao Director do Servizo Municipal de Deportes que poderá levar a cabo cantas actuacións estime precisas para a comprobación dos datos e documentación aportada polos solicitantes emitindo informe de proposta de resolución.

O órgano encargado de emitir informe de avaliación estara composto polo Presidente ou Vicepresidente do Consello Rector, o secretario do concello, o interventor do concello, o director do servizo municipal de deportes , dando traslado do mesmo para a súa aprobación ao consello rector cuxa aprobación elevara a resolución provisional do procedemento de concesión.

PAZOS, LUGAR DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN QUE DEBERAN PRESENTAR

O prazo para a presentación de solicitudes será de un mes contado a partir do seguinte ó da publicación das bases no B.O.P.

As solicitudes presentaranse nos modelos que o propio Concello de Ribadavia facilitará dentro do prazo conferido ao efecto.

DOCUMENTACIÓN

a) Documentación Administrativa:

1. Solicitud dirixida ao Presidente do Consello Rector (**Anexo I**)
2. Fotocopia do CIF, da entidade.
3. Fotocopia cotexada do DNI do representante da entidade.
4. Certificación da conta bancaria expedida polo banco ou caixa correspondente
5. Certificado de inscrición no correspondente rexistro da Xunta de Galicia.
6. Declaración do solicitante no que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas ou concedidas , para os mesmos fins, de outras entidades publicas (**Anexo I**)



7. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social(**Anexo II**)
8. Autorización para recibir a través do enderezo electrónico a comunicación, e calquer outra comunicación : prazo de enmenda da documentación, tramite de audiencia, resolución etc. (**Anexo III**)

Os solicitantes estarán exentos de presentar a documentación que se recolle nos puntos 2,3,4,5 , se a mesma obrase en poder do Concello de Ribadavia.En todo caso no suposto de imposibilidade de acadar dita documentación por parte do Concello de Ribadavia podera requerirselle ao solicitante a súa presentación.

b) Documentación para avaliación da solicitude

9. Certificado asinado polo secretario eo presidente da entidade , especificando o número de socios/aboados ao peche da tempada anterior 2015/2016.
10. Calendarios de competición oficial, certificados pola respectiva federación
11. Certificado expedido pola respectiva federación galega , acreditando o número/relación de equipos nas distintas categorías en competición oficial asi como o número de licenzas de cada categoría especificando(Masculino/Feminino)da entidade na tempada 2016/2017.
12. Relación de técnicos e a súa cualificación específica en cada modalidade deportiva(**Anexo IV**)
13. Orzamento anual de ingresos e gastos da temporada 2016/2017 (**Anexo V**) e liquidación da anterior(**Anexo VI**)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Establecendose o seguinte baremo para a concesión das axudas:

- **Número de socios/aboados da entidade:** Entidades de 50 a 99 Socios/aboados : 1 punto ;Entidades con 100 ou mais socios, 2 puntos
- **Promoción do deporte feminino.** Por participar con algún equipo/deportista feminino en competición oficial: equipos mixtos,1 punto ; equipos femininos puros, 3 puntos
- **Número de equipos** participando en competicións oficiais dende categoría prebenxamin ata xuvenil/junior , 2 puntos por equipo en competición, no caso de deportes individuais contabilizarase como equipo cando como mínimo a entidade conte con 3 deportistas federados na mesma categoría
- **Cualificación do/s técnicos** que dirixan a actividade, 1 punto por cada técnico de base , 2 punto por cada técnico superior
- **Antigüidade da entidade**, 0,5 puntos por ano, ata un máximo de 5 puntos
- **Número total de licenzas** ata a categoría anterior a senior/absoluta :
 - De 10 a 30 licenzas , 1 punto



- De 31 a 60 licenzas , 2 puntos
- Mais de 61 licenzas , 3 puntos
- **Gastos en desprazamentos** : De 100 a 3000 euros de gastos de desprazamentos : 1 punto ; de 3001 a 6000 euros de gastos de desprazamentos : 3 puntos ; de 6001 a 10000 euros de gastos de desprazamentos : 5 puntos ; mais de 10001 euros de gastos de desprazamentos : 7 puntos.
- **Nivel da competición** na que participan
 - Participación de equipos/deportistas en competicións de ambito autonómico, 1 punto
 - Participación de equipos/deportistas en competicións de ambito nacional, 2 puntos
- **Orzamento do clube** :
 - Ata 3.000 Euros , 1 punto
 - De 3.001 a 6.000 Euros , 2 puntos
 - Mais de 6.001 euros , 3 puntos
- **Avaliación do esforzó** económico, ingresos que xenera a entidade a sen contar subvencións das administracións publicas:
 - Ata o 30% do orzamento, 1 punto
 - Ata o 50% do orzamento , 2 puntos
 - Ata o 70% do orzamento , 3 puntos

ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN

XUSTIFICACIÓN

A xustificación debera realizarse ante o Concello de Ribadavia tendo o beneficiario un mes de prazo dende que se faga publica a resolución definitiva.

Para o que deberá presentar a conta xustificativa , composta polos seguintes documentos:

- Relación de gastos da actividade con identificación do acredor importe e data de emisión
- Factura xustificativa en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento . No caso de gastos de arbitraje, achegarase certificación do colexio de árbitros . No caso de gastos de desprazamentos deberase presentar documento asinado polo perceptor co VºBº do presidente, onde se reflectan nome ,apelidos e NIF do perceptor eo CIF da entidade ao prezo máximo de 0,19 €Km.
- Acreditación das medidas de difusión onde aparezan os logos do Concello de Ribadavia e do Servizo Municipal de Deportes , tales como carteles,dípticos,paxina web e outros.

PAGAMENTO

O pago efectuarase unha vez xustificada de xeito completo a subvención concedida, mediante transferencia a conta corrente sinalada pola entidades beneficiaria."

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-



1.- “Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades físico deportivas para o ano 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 29 de setembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 263, de 16 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “III Aerobithon Ribadavia”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

2.- “Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades físico deportivas para o ano 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 29 de setembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 263, de 16 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “Programa Actividades física adultos”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

3.- “Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades físico deportivas para o ano 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 29 de setembro de 2016 e publicadas no B.O.P. nº 263, de 16 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado “Mutiactividade Infantil”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia